

CONTIDOS MÍNIMOS 1ºESO

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

- Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. Actividades de comprensión textual.
- A exposición oral: pasos a seguir.
- Expresión oral: Saúdos e presentacións. Narracións breves relacionadas coas lecturas. Conversas improvisadas. Diálogos dramatizados. Descricións. Exposición breves. Os textos instrutivos. O faladoiro ou coloquio. Coloquios sobre temas de interese persoal.
- A conversa espontánea: características. Recomendacións para manter interaccións orais de calidade.
- A prosodia: o acento, o ton e a entoación.
- A linguaxe non verbal.
- escoita activa de noticias.
- Consulta de páxinas web. Consulta de medios dixitais sobre lingua. Emprego dun programa informático de presentacións.
- Análise e emprego da variante dialectal propia.
- Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información. Utilización de recursos dixitais.
- Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

- Comprensión, interpretación e resumo de textos orais e escritos (descritivos, narrativos, expositivos e instrutivos)
- Lectura expresiva de textos descritivos, narrativos, expositivos e instrutivos.
- Análise de textos breves.
- O subliñado: pautas para subliñar con eficacia. O resumo: pautas para a súa realización.
- Normas e instrucións de uso: características dos textos instrutivos
- Os textos xornalísticos. Lectura comprensiva de textos xornalísticos. Clasificación dos textos xornalísticos: informativos, de opinión e mixtos.
- As seccións dun xornal. Os seis W.
- A reportaxe: definición e características. Estrutura da reportaxe. Lectura e análise dunha reportaxe.
- Os xornais dixitais.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.
- A adecuación. A coherencia. A cohesión.
- A comunicación e os seus elementos: emisor, receptor, mensaxe, código e canle.
- A palabra, a frase, a oración, o parágrafo e o texto.
- Os rexistros lingüísticos.
- O tema. O título. A idea principal.
- Redacción de textos breves sobre a temática das lecturas, de textos instrutivos propios da vida cotiá, recensión do argumento dun filme. Redacción dunha noticia. Redacción de notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- A descrición. Pautas para facer descricións. Clases de descricións: descrición obxectiva ou denotativa e descrición subxectiva ou connotativa. Redacción de textos descritivos.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- O campo semántico. O campo semántico do ensino, dos animais, dos oficios e das profesións. O campo semántico do corpo humano.
- Os antónimos. Os sinónimos.
- Léxico relacionado cos deportes. Léxico do corpo humano. Léxico relativo á vestimenta. O léxico das novas tecnoloxías. Léxico relacionado co coidado do medio. Léxico relativo aos medios de transporte.
- As palabras compostas.
- Estranxeirismos.
- Frases feitas a partir de partes do corpo. Frases feitas relacionadas coa vestimenta. Refrás e frases feitas relacionados co desenvolvemento das conversas.
- Palabras tabú e eufemismos. Reflexión lingüística: o sentido figurado.
- As palabras homófonas. As palabras polisémicas.
- Emprego do dicionario.
- O alfabeto: letras e dígrafos. Vogais e consoantes. Os sons vocálicos do galego. Vogais abertas e pechadas en pares diacríticos. Pronuncia de *x / s*.
- A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua. As regras de acentuación ortográfica. O til diacrítico. Palabras de acentuación dubidosa. Pares diacríticos. A diérese. A sílaba. Tipos de sílabas e de palabras segundo o número de sílabas. Ditongo, tritongo e hiato. Normas para a partición de palabras a final de liña.
- Uso de *b*. Uso de *v*. Algunhas palabras con *b*, algunhas con *v*. Uso de *m* ante *b* e de *n* ante *v*. Uso de *h*. Algunhas palabras con *e* sen *h*. Uso de *r / rr*. Os grupos consonánticos con *l / r*. Uso de *x / s*. Palabras con *s* e algunhas con *x*. Uso gráfico e pronuncia de *c/z/qu*. Algunhas palabras rematadas en *-zo* e *-za*.
- Os prefixos. Os sufixos. Sufixos: *-eiro*, *-eira*. As terminacións *-cia/-za* e *-cio/-zo*. O grupo *-cc-*. Uso de *cc/ct*. Algunhas palabras que manteñen os grupos cultos tras as vogais *i, u*.
- Os signos de puntuación. A coma. O punto e coma. O punto: punto e seguido, punto e á parte e punto final. Os dous puntos. Os puntos suspensivos. Ortografía dos signos de interrogación e exclamación.
- **O substantivo**. Clasificación semántica dos substantivos. O xénero: formación do feminino e substantivos invariables. O feminino dos substantivos rematados en *-ón*. O número: formación do plural.
- **O adxectivo**: o epíteto e o adxectivo especificativo. Graos do adxectivo. Concordancia cos substantivos.
- A cohesión. Mecanismos de cohesión textual: a anáfora ou repetición; a deíxe (deíxe de persoa, de espazo e de tempo) e a substitución.
- As palabras derivadas.
- **Os determinantes**: determinantes e pronomes. Artigos, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos. Contraccións dos determinantes coas preposicións. O uso do artigo cos posesivos.
- **O pronome persoal**. Pronomes persoais tónicos: definición, formas e funcións. Pronomes persoais átonos: definición e formas. Casos en que o pronome vai antes do verbo. *Te* e *che*. Contraccións dos pronomes de complemento directo e complemento indirecto.
- Conxuncións comparativas *ca* e *coma*.
- **As conxugacións**. **As formas verbais**. **Os modos verbais**. Partes das formas verbais: raíz, vogal temática, desinencias.
- Formas infinitas. O tempo verbal: presente, pasado (pretérito, copretérito e antepretérito) e futuro. O pospretérito. O modo verbal.
- Os verbos regulares. Diferenzas cos verbos irregulares. Verbos con alternancia vocálica. Os verbos irregulares. Verbos que se conxugan como pedir, seguir e durmir.
- Os prefixos. Prefixos de negación.

- As preposicións. Contraccións das preposicións con determinantes e pronomes.
- Os adverbios. As locucións adverbiais.
- A frase substantiva. A frase nominal. A frase adxectiva. A frase adverbial. A frase preposicional.
- A concordancia do verbo co suxeito. O suxeito e o predicado. Unidades que desempeñan a función de predicado. Os complementos.
- O complemento directo: verbos transitivos e intransitivos. Elementos que desempeñan a función de CD. O CI Elementos que desempeñan esta función. O complemento circunstancial: clasificación e elementos que desempeñan esta función.
- O enunciado. A intención comunicativa e os tipos de enunciado: enunciativo, interrogativo, exclamativo, dubitativo, desiderativo

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

- A diversidade lingüística no mundo.
- Familias lingüísticas. A lusofonía.
- Características comúns das linguas.
- O individuo multilingüe ou políglota. España: Estado plurilingüe. Europa plurilingüe.
- Linguas minorizadas e linguas dominantes
- As nosas linguas: linguas ambientais en Galicia. Situación de desigualdade social. Situación legal das linguas do Estado. Normalización lingüística.
- Recursos en Internet con música en galego.
- Os prexuízos lingüísticos.
- As variedades xeográficas e o estándar. Variedades xeográficas: bloque occidental, central e oriental.
- O galego máis alá da nosa Comunidade Autónoma.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Desenvolvemento do criterio lector
- Información sobre os autores ou autoras dos textos.
- Lecturas guiadas de obras literarias; exposición da opinión persoal sobre lecturas axeitadas á idade.
- Lectura, posta en común e análise de textos narrativos.
- Textos literarios e non literarios: características, diferenciación de textos dos tres grandes xéneros (narrativo, dramático e lírico) a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- A poesía: trazos característicos do texto poético. Lectura expresiva e comprensiva deste tipo de textos. Audicións de poemas recitados. Determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos. O ritmo e a rima: rima consonante e asonante; versos libres. A anáfora.
- A canción.
- A polisemia e a connotación.
- O texto narrativo. Elementos do texto narrativo: personaxes, espazo, tempo, voz narradora e punto de vista. Lectura comprensiva de textos narrativos.
- O texto teatral: trazos característicos. As anotacións (referidas á escena, os personaxes e o movemento). O drama, a traxedia e a comedia. Lectura dramatizada e comprensiva de textos teatrais.
- Produción de textos sinxelos de intención estética. Creación guiada dun relato desde varios puntos de vista, elaboración dun título para un poema. Creación dun caligrama. Creación dun poema de amor. Creación de finais alternativos...
- A banda deseñada. As imaxes das bandas deseñadas. O encadre e os tipos de plano. As palabras das bandas deseñadas. Os globos. O ruído e o movemento. As onomatopeas e os signos cinéticos.

FERRAMENTAS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

3.2 Avaliación (ferramentas e criterios de cualificación) 1º, 2º, 3º ESO

Se atendemos ao espírito da norma debemos recoñecer a avaliación como instrumento de medir o grao de consecución dos obxectivos propostos e a adecuación da metodoloxía empregada no proceso de aprendizaxe. Con esta intención tentamos recoller e valorar os contidos desenvolto (conceptuais e procedementais).

Así obteremos a nota de avaliación:

Ata un 50% por resolución de exames. Probas (exposición escrita, preguntas obxectivas de resposta breve ou de opción múltiple, preguntas abertas, resolución de exercicios) que demostrarán a asimilación de conceptos e a aplicación destes na resolución de situacións propostas. Para que se poida optar ao aprobado final ou parcial a nota deste apartado non deberá ser inferior nunca a un 3'5 sobre 10 puntos.

- **As faltas de ortografía restarán nas probas escritas: -0,10 (nunca a falta reiterada) ata un máximo de 1,5 puntos por proba.**

Ata un 30% por exercicios da clase, lecturas, traballos individuais e grupais, tarefas na aula e da casa (creación de textos...), resolución de **procedementos** aplicados na aprendizaxe.

- **A proba que se realice para comprobar a lectura do libro, que será oral ou escrita, non excederá de 1,5 puntos.**
- **Non realizar as tarefas marcadas, non ter o material (caderno, libro...) en situacións reiteradas, restará -0,10, ata un máximo de 1 punto por avaliación.**

Ata un 20% no control e capacidade oral. Neste apartado avalíase a capacidade lingüística (incorporación de léxico, autonomía oral, modulación, entoación, prosodia, fonética...) e actitude oral (interese por incorporar o dominio lingüístico a todos os actos de comunicación na aula) **Neste apartado puntuarán: debates, presentacións ou exposición orais, gravacións en vídeo ou audio..., exames orais (libro de lectura)**

3.4 Avaliación oral (1º, 2º, 3º, 4º)

A competencia oral do alumnado (tanto capacidade como actitude oral), correspondente ao bloque de expresión oral e comprensión oral, permite unha análise secuenciada ao longo do período avaliativo, esta análise secuenciada constatarase mediante a observación diaria das súas intervencións na aula e nas exposicións orais tanto individuais como en grupo ou en parella. Para este fin empregaremos escalas de valoración cos seguintes criterios: adecuación, interacción, coherencia e cohesión, pronuncia e entoación, gramática e léxico. Puntúa no apartado de control e capacidade oral.

3.5 A Recuperación

Diferénciase entre aqueles contidos que precisan dunha asimilación progresiva e polo tanto forman parte da avaliación continua (non se someterán a exame de recuperación) e aqueloutros que podemos considerar terminativos (etapas literarias, sociolingüística...) que si serán recuperables despois de cada trimestre.

3.5.1 A Recuperación (1º e 2ºESO)

Non hai recuperacións parciais, trimestre a trimestre. A progresión e a solución das dificultades obsérvase nas melloras acadadas en avaliacións posteriores. Aqueles alumnos que non consigan o aprobado na terceira avaliación, optarán a un exame global antes da nota final ordinaria.

3.6 Avaliación ordinaria e extraordinaria

Tanto o exame final como o extraordinario de setembro avalían o manexo máis conceptual da materia, non obstante, aínda conseguindo unha competencia mínima nestes conceptos, deberase demostrar tamén unha

habilidade aceptable na expresión comunicativa: adaptación ás propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión e gramaticalidade). Ambas as probas avaliaranse entre: 0-10 puntos.